




## TERMOQUÍMICA

### ◇ PROBLEMAS

1. A partir das entalpías de combustión e aplicando a Lei de Hess, calcula :
- a) A entalpía da seguinte reacción:  $3 \text{C}(\text{grafito})(\text{s}) + 4 \text{H}_2(\text{g}) \rightarrow \text{C}_3\text{H}_8(\text{g})$ .
- b) A enerxía liberada cando se queima  $1 \text{ dm}^3$  de propano medido en condicións normais.  
 Calores de combustión:  $\Delta H_c^\circ(\text{C}(\text{grafito})(\text{s})) = -393,5 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H_c^\circ(\text{C}_3\text{H}_8(\text{g})) = -2219,9 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  
 $\Delta H_c^\circ(\text{H}_2(\text{g})) = -285,8 \text{ kJ/mol}$ ;  $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{L}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$  (P.A.U. set. 16)
- Rta.:** a)  $\Delta H^\circ = -104 \text{ kJ}$ ;  $Q = -99,1 \text{ kJ}$ .

#### Datos



Volumen de propano que se queima

Condicións normais: temperatura  
 presión

Constante dos gases ideais

#### Incógnitas

Entalpía de formación do propano

Enerxía liberada ao queimar  $1 \text{ dm}^3$  de propano en condicións normais.

#### Ecuacións

Lei de Hess

Ecuación de estado dos gases ideais

#### Cifras significativas: 4

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_3\text{H}_8) = -2219,9 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}) = -393,5 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{H}_2) = -285,8 \text{ kJ/mol}$$

$$V = 1,00 \text{ dm}^3$$

$$T = 273,2 \text{ K}$$

$$p = 1,000 \text{ atm}$$

$$R = 0,08200 \text{ atm}\cdot\text{L}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{C}_3\text{H}_8)$$

$$Q$$


$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$$





#### Solución:

a) Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño.

A ecuación de formación do propano pódese obter por combinación lineal das ecuacións de combustión:



Multiplícase a primeira ecuación por 3, a segunda por 4, a terceira por  $-1$  e súmanse:



b) Cálculase a cantidade de propano que hai en  $1 \text{ dm}^3$  en condicións normais, supoñendo comportamento ideal:

$$n = \frac{p \cdot V}{R \cdot T} = \frac{1,000 \text{ atm} \cdot 1,000 \text{ dm}^3}{0,08200 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot 273,2 \text{ K}} = 0,044 \text{ mol C}_3\text{H}_8$$

Cálculase a enerxía producida pola combustión:

$$Q = 0,0446 \text{ mol C}_3\text{H}_8 \cdot 2219,9 \text{ kJ/mol C}_3\text{H}_8 = 99,10 \text{ kJ}$$

2. a) Tendo en conta a lei de Hess, calcula a entalpía en condicións estándar da seguinte reacción, indicando se a reacción é exotérmica ou endotérmica:  $\text{C}_2\text{H}_4(\text{g}) + \text{H}_2\text{O}(\text{l}) \rightarrow \text{C}_2\text{H}_5\text{OH}(\text{l})$



b) Calcula a cantidade de enerxía, en forma de calor, que é absorbida ou cedida na obtención de 75 g de etanol segundo a reacción anterior, a partir das cantidades adecuadas de eteno e auga.

Datos:  $\Delta H^\circ(\text{combustión})\text{C}_2\text{H}_4(\text{g}) = -1411 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H^\circ(\text{combustión})\text{C}_2\text{H}_5\text{OH}(\text{l}) = -764 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$

(P.A.U. xuño 16)

**Rta.:** a)  $\Delta H = -647 \text{ kJ/mol}$ ; b)  $Q = 1,05 \cdot 10^3 \text{ kJ}$ .

**Datos**



Masa de etanol

Masa molar do etanol

**Incógnitas**

Entalpía da reacción:  $\text{C}_2\text{H}_4(\text{g}) + \text{H}_2\text{O}(\text{l}) \rightarrow \text{C}_2\text{H}_5\text{OH}(\text{l})$

Enerxía na obtención de 75 g de etanol

**Outros símbolos**

Cantidade de substancia (número de moles)

**Ecuacións**

Lei de Hess

**Cifras significativas: 3**

$\Delta H_{c1}^\circ(\text{C}_2\text{H}_4) = -1411 \text{ kJ/mol}$

$\Delta H_{c2}^\circ(\text{C}_2\text{H}_5\text{OH}) = -764 \text{ kJ/mol}$

$m = 75,0 \text{ g C}_2\text{H}_5\text{OH}$

$M(\text{C}_2\text{H}_5\text{OH}) = 46,1 \text{ g/mol}$

$\Delta H$

$Q$


$n$

$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$


**Solución:**

a) Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño.

A ecuación da reacción pódese obter por combinación lineal das ecuacións de combustión:



Déixase a primeira ecuación como está, multiplícase a segunda por -1 e súmanse:



A reacción é exotérmica, desprende enerxía.

b) Calcúlase a enerxía producida ao obter 75 g de  $\text{C}_2\text{H}_5\text{OH}$ :

$Q = 75,0 \text{ g C}_2\text{H}_5\text{OH} \frac{1 \text{ mol C}_2\text{H}_5\text{OH}}{46,1 \text{ g C}_2\text{H}_5\text{OH}} \frac{647 \text{ kJ}}{1 \text{ mol C}_2\text{H}_5\text{OH}} = 1,05 \cdot 10^3 \text{ kJ} = 1,05 \text{ MJ}$

3. a) A partir dos datos da táboa, calcula a entalpía estándar de combustión do metano.

| Enlace   | C - H | O - H | O = O | C = O |
|--|-------|-------|-------|-------|
| Entalpía de enlace en condicións estándar (kJ/mol) | 413   | 482   | 498   | 715   |

b) Calcula o volume de dióxido de carbono medido a 25 °C e 1 atm (101,3 kPa) que se xerará na combustión completa de 100 g de metano.

Dato:  $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{L}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$

(P.A.U. set. 15)

**Rta.:** a)  $\Delta H_c(\text{CH}_4) = -710 \text{ kJ/mol}$ ; b)  $V = 153 \text{ dm}^3$ .

**Datos**

Entalpía de enlace: C - H

O - H

O = O

C = O

**Cifras significativas: 3**

$\Delta H(\text{C-H}) = 413 \text{ kJ/mol}$

$\Delta H(\text{O-H}) = 482 \text{ kJ/mol}$

$\Delta H(\text{O=O}) = 498 \text{ kJ/mol}$

$\Delta H(\text{C=O}) = 715 \text{ kJ/mol}$

**Datos**

Presión

Temperatura

Masa de metano

Masa molar do metano

Constante dos gases ideais

**Cifras significativas: 3**

$$p = 101,3 \text{ kPa} = 1,013 \cdot 10^5 \text{ Pa}$$

$$T = 25 \text{ }^\circ\text{C} = 298 \text{ K}$$

$$m(\text{CH}_4) = 100 \text{ g CH}_4$$

$$M(\text{CH}_4) = 16,0 \text{ g/mol}$$

$$R = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$$

**Incógnitas**

Entalpía estándar de combustión do metano

$$\Delta H_c^\circ(\text{CH}_4)$$

Volume de dióxido de carbono

$$V$$

**Outros símbolos**

Cantidade de substancia

$$n$$

**Ecuacións**

Lei de Hess


$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$

Ecuación de estado dos gases ideais


$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$$

**Solución:**

a) Escríbese a ecuación de combustión do metano axústase:



Pódese imaxinar un hipotético camiño de rotura e formación de enlaces:



Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño.

A entalpía de combustión do metano pode expresarse como combinación lineal das ecuacións de rotura e formación de enlaces:

$$\begin{aligned} \Delta H_c^\circ(\text{CH}_4) &= 4 \cdot \Delta H(\text{C-H}) + 2 \cdot \Delta H(\text{O}=\text{O}) - 2 \cdot \Delta H(\text{C}=\text{O}) - 4 \cdot \Delta H(\text{O}-\text{H}) = \\ &= 4 \cdot 413 \text{ [kJ/mol]} + 2 \cdot 498 \text{ [kJ/mol]} - 2 \cdot 715 \text{ [kJ/mol]} - 4 \cdot 482 \text{ [kJ/mol]} \\ \Delta H_c^\circ(\text{CH}_4) &= -710 \text{ kJ/mol} \end{aligned}$$

b) Calcúlase a cantidade de metano que hai en 100 g:

$$n(\text{CH}_4) = 100 \text{ g CH}_4 \cdot \frac{1 \text{ mol CH}_4}{16,0 \text{ g CH}_4} = 6,25 \text{ mol CH}_4$$

Calcúlase a cantidade de CO<sub>2</sub> a partir da ecuación de combustión axustada:

$$n(\text{CO}_2) = n(\text{CH}_4) = 6,13 \text{ mol CO}_2$$

Calcúlase o volume que ocupará a 25 °C e 1 atm, coa ecuación de estado dos gases ideais, supoñendo comportamento ideal do CO<sub>2</sub>:





$$V = \frac{n \cdot R \cdot T}{p} = \frac{6,25 \text{ mol} \cdot 8,31 \text{ J}\cdot\text{mol}^{-1}\cdot\text{K}^{-1} \cdot 298 \text{ K}}{101,3 \cdot 10^3 \text{ Pa}} = 0,153 \text{ m}^3 = 153 \text{ dm}^3$$

4. Considera que a gasolina está composta principalmente por octano (C<sub>8</sub>H<sub>18</sub>) e que no bioetanol o composto principal é o etanol (CH<sub>3</sub>CH<sub>2</sub>OH). Cos seguintes datos:  $\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2(\text{g})) = -393,5 \text{ kJ/mol}$ ;  $\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}(\text{l})) = -285,8 \text{ kJ/mol}$ ;  $\Delta H_c^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}(\text{l})) = -5445,3 \text{ kJ/mol}$ ;  $\Delta H_c^\circ(\text{CH}_3\text{CH}_2\text{OH}(\text{l})) = -1369,0 \text{ kJ/mol}$ ; densidade a 298 K do etanol  $\rho_e = 0,79 \text{ g/cm}^3$  e do octano  $\rho_o = 0,70 \text{ g/cm}^3$ .

- a) Escribe a ecuación da reacción de combustión do etanol e calcula entalpía estándar de formación do etanol a 25 °C.  
 b) Cantos litros de bioetanol necesítanse para producir a mesma enerxía que produce 1 dm<sup>3</sup> de gasolina?

(P.A.U. set. 14)

**Rta.:** a)  $\Delta H_f^\circ(\text{C}_2\text{H}_6\text{O}) = -275,4 \text{ kJ/mol}$ ; b)  $V = 1,43 \text{ dm}^3 \text{ CH}_3\text{CH}_2\text{OH}$ .

**Datos**

Densidade do etanol C<sub>8</sub>H<sub>18</sub>

Densidade do octano C<sub>8</sub>H<sub>18</sub>

Volumen de gasolina

Temperatura

Masa molar: Octano

Etanol

**Cifras significativas: 3**

$$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) = -393,5 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) = -285,8 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}) = -5445,3 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_2\text{H}_6\text{O}) = -1369,0 \text{ kJ/mol}$$

$$\rho_e = 0,790 \text{ g/cm}^3$$

$$\rho_o = 0,700 \text{ g/cm}^3$$

$$V_o = 1,00 \text{ dm}^3$$

$$T = 25 \text{ °C} = 298 \text{ K}$$

$$M(\text{C}_8\text{H}_{18}) = 114 \text{ g/mol}$$

$$M(\text{C}_2\text{H}_6\text{O}) = 46,1 \text{ g/mol}$$

**Incógnitas**

Entalpía de formación do etanol

$$\Delta H_f^\circ(\text{C}_2\text{H}_6\text{O})$$

Volumen de bioetanol que libera a mesma enerxía que 1 dm<sup>3</sup> de gasolina

$$V$$

**Outros símbolos**

Cantidade de substancia (número de moles)

$$n$$


**Ecuacións**

Lei de Hess

$$\Delta H^{\circ} = \Delta H^{\circ}(\text{prod.}) - \Delta H^{\circ}(\text{react.})$$

**Solución:**

a) Escríbese a ecuación de combustión do etanol e axústase:



A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.

Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplícase a lei de Hess:

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_2\text{H}_6\text{O}) = 2 \Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) + 3 \Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) - (\Delta H_f^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}) + \Delta H_f^\circ(\text{O}_2))$$

$$-1369,0 \text{ [kJ]} = (2 \text{ [mol CO}_2\text{]} (-393,5 \text{ [kJ/mol CO}_2\text{]} + 3 \text{ [mol H}_2\text{O]} (-285,8 \text{ [kJ/mol H}_2\text{O]})) - (1 \text{ [mol C}_2\text{H}_6\text{O]} \cdot \Delta H_f^\circ(\text{C}_2\text{H}_6\text{O}) + 3 \text{ [mol O}_2\text{]} \cdot 0)$$

Despéxase a entalpía de formación do etanol:

$$\Delta H_f^\circ(\text{C}_2\text{H}_6\text{O}(\text{l})) = -787,0 - 857,4 + 1369,0 = -275,4 \text{ kJ/mol}$$

b) Calcúlase a cantidade de gasolina que hai en 1 litro:

$$n(\text{C}_8\text{H}_{18}) = 1,00 \text{ dm}^3 \text{ gasolina} \frac{10^3 \text{ cm}^3}{1 \text{ dm}^3} \frac{0,700 \text{ g gasolina}}{1 \text{ cm}^3 \text{ gasolina}} \frac{1 \text{ mol C}_8\text{H}_{18}}{114 \text{ g gasolina}} = 6,13 \text{ mol C}_8\text{H}_{18}$$

Calcúlase a enerxía producida ao queimarse:

$$Q = 6,13 \text{ mol C}_8\text{H}_{18} \frac{5445,3 \text{ kJ}}{1 \text{ mol C}_8\text{H}_{18}} = 3,34 \cdot 10^4 \text{ kJ}$$

Calcúlase a cantidade de bioetanol que produciría esa enerxía:

$$n(\text{C}_2\text{H}_5\text{OH}) = 3,34 \cdot 10^4 \text{ kJ} \frac{1 \text{ mol C}_2\text{H}_5\text{OH}}{1369,0 \text{ kJ}} = 24,4 \text{ mol C}_2\text{H}_5\text{OH}$$

Calcúlase a masa de bioetanol:

$$m(\text{C}_2\text{H}_5\text{OH}) = 24,4 \text{ mol C}_2\text{H}_5\text{OH} \frac{46,1 \text{ g C}_2\text{H}_5\text{OH}}{1 \text{ mol C}_2\text{H}_5\text{OH}} = 1,12 \cdot 10^3 \text{ g C}_2\text{H}_5\text{OH}$$

Calcúlase o volume que ocuparía, empregando dato da densidade:

$$V(\text{C}_2\text{H}_5\text{OH}) = 1,12 \cdot 10^3 \text{ g C}_2\text{H}_5\text{OH} \frac{1 \text{ cm}^3 \text{ C}_2\text{H}_5\text{OH}}{0,790 \text{ g C}_2\text{H}_5\text{OH}} = 1,43 \cdot 10^3 \text{ cm}^3 = 1,43 \text{ dm}^3 \text{ C}_2\text{H}_5\text{OH}$$

5. O naftaleno ( $\text{C}_{10}\text{H}_8$ ) é un composto aromático sólido que se vende para combater a traza. A combustión completa deste composto para producir  $\text{CO}_2(\text{g})$  e  $\text{H}_2\text{O}(\text{l})$  a  $25^\circ\text{C}$  e  $1 \text{ atm}$  ( $101,3 \text{ kPa}$ ) desprende  $5154 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ .

a) Escribe as reaccións de formación do naftaleno e a reacción de combustión.




b) Calcula a entalpía estándar de formación do naftaleno e interpreta o seu signo.

Datos:  $\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2(\text{g})) = -393,5 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}(\text{l})) = -285,8 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$

(P.A.U. xuño 14)

Rta.: b)  $\Delta H_f^\circ(\text{C}_{10}\text{H}_8) = 75,8 \text{ kJ/mol C}_{10}\text{H}_8$ .

### Datos



### Incógnitas

Entalpía de formación do naftaleno

### Cifras significativas: 4

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_{10}\text{H}_8) = -5154 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) = -393,5 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) = -285,8 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{C}_{10}\text{H}_8)$$


### Ecuacións

Lei de Hess

$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$



### Solución:

a) Escríbese a ecuación de combustión do naftaleno e axústase:



A ecuación de combustión do carbono sólido (grafito) coincide coa ecuación de formación do  $\text{CO}_2(\text{g})$ .

Escríbense as ecuacións de formación e axústanse:



b) A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.

Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplícase a lei de Hess:

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_{10}\text{H}_8) = 10 \Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) + 4 \Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) - (\Delta H_f^\circ(\text{C}_{10}\text{H}_8) + 12 \Delta H_f^\circ(\text{O}_2))$$

$$-5154 \text{ [kJ]} = 10 \text{ [mol CO}_2\text{]} (-393,5 \text{ [kJ/mol CO}_2\text{]}) + 4 \text{ [mol H}_2\text{O]} (-285,8 \text{ [kJ/mol H}_2\text{O]}) - (\Delta H_f^\circ(\text{C}_{10}\text{H}_8) + 12 \text{ [mol O}_2\text{]} \cdot 0)$$

Despéxase a entalpía de formación do naftaleno:

$$\Delta H_f^\circ(\text{C}_{10}\text{H}_8) = -3935 - 1143,2 + 5154 = 75,8 \text{ kJ/mol C}_{10}\text{H}_8$$

O signo positivo indica que a reacción de formación é endotérmica.

6. As entalpías de formación do butano(g), dióxido de carbono(g) e auga(l) a  $1 \text{ atm}$  ( $101,3 \text{ kPa}$ ) e  $25^\circ\text{C}$  son  $-125,35 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ,  $-393,51 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$  e  $-285,83 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ , respectivamente. Formula a reacción de combustión do butano e calcula:




- a) A calor que pode subministrar unha bombona que contén 6 kg de butano.  
 b) O volume de osíxeno, medido en condicións normais, que se consumirá na combustión do butano contido na bombona.

Dato:  $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$

(P.A.U. set. 13)

**Rta.:** a)  $Q = 2,9707\cdot 10^8 \text{ J}$ ; b)  $V = 15 \text{ m}^3 \text{ O}_2$ .

### Datos



Masa de butano

Constante dos gases ideais

Masa molar do butano

### Cifras significativas: 5

$$\Delta H_f^\circ(\text{C}_4\text{H}_{10}) = -125,35 \text{ kJ}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) = -393,51 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) = -285,53 \text{ kJ/mol}$$

$$m(\text{C}_4\text{H}_{10}) = 6,0000\cdot 10^3 \text{ g}$$

$$R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$$

$$M(\text{C}_4\text{H}_{10}) = 58,124 \text{ g/mol}$$

### Incógnitas

Calor desprendida na combustión de 6 kg de butano

$Q$

Volume de osíxeno necesario

$V(\text{O}_2)$

### Outros símbolos

Cantidade de substancia (número de moles)

$n$

### Ecuacións

Lei de Hess


$$\Delta H^p = \Delta H^p(\text{prod.}) - \Delta H^p(\text{react.})$$

Ecuación de estado dos gases ideais

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$$

### Solución:

a) Escríbese a ecuación de combustión do butano e axústase:



A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.


Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplícase a lei de Hess:

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_4\text{H}_{10}) = 4 \Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) + 5 \Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) - (\Delta H_f^\circ(\text{C}_4\text{H}_{10}) + 13/2 \Delta H_f^\circ(\text{O}_2))$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_4\text{H}_{10}) = (4 [\text{mol CO}_2] (-393,51 [\text{kJ/mol CO}_2]) + 5 [\text{mol H}_2\text{O}] (-285,53 [\text{kJ/mol H}_2\text{O}]))$$

$$- (1 [\text{mol C}_4\text{H}_{10}] \cdot (-125,35 [\text{kJ/mol C}_4\text{H}_{10}]) + 13/2 [\text{mol O}_2] \cdot 0) = -2\,877,84 \text{ kJ}$$

A ecuación termoquímica queda:



Calcúlase a cantidade de butano que hai nunha bombona de 6 kg:

$$n(\text{C}_4\text{H}_{10}) = 6,000\,000 \text{ g C}_4\text{H}_{10} \frac{1 \text{ mol C}_4\text{H}_{10}}{58,124 \text{ g C}_4\text{H}_{10}} = 103,23 \text{ mol C}_4\text{H}_{10}$$

Calcúlase a calor desprendida polo butano que hai nunha bombona de 6 kg:

$$Q = 103,23 [\text{mol C}_4\text{H}_{10}] \cdot 2,87784\cdot 10^3 [\text{kJ/mol C}_4\text{H}_{10}] = 2,9707\cdot 10^5 \text{ kJ}$$

b) Calcúlase a cantidade de osíxeno a partir da ecuación axustada da reacción:

$$n(\text{O}_2) = 103,23 \text{ mol C}_4\text{H}_{10} \frac{13/2 \text{ mol O}_2}{1 \text{ mol C}_4\text{H}_{10}} = 670,98 \text{ mol O}_2$$

Calcúlase o volume de osíxeno coa ecuación de estado dos gases ideais, supoñendo comportamento ideal:

$$V(\text{O}_2) = \frac{n(\text{O}_2) \cdot R \cdot T}{p} = \frac{670,98 \text{ mol O}_2 \cdot 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} \cdot 273 \text{ K}}{1,0 \text{ atm}} = 15 \cdot 10^3 \text{ dm}^3 \text{ O}_2$$



Este resultado ten só dúas cifras significativas, porque son as do dato que menos ten (a constante  $R$ ).

7. A calor que se desprende no proceso de obtención dun mol de benceno líquido a partir de etino gas mediante a reacción:  $3 \text{C}_2\text{H}_2(\text{g}) \rightarrow \text{C}_6\text{H}_6(\text{l})$  é de  $-631 \text{ kJ}$ . Calcula:
- A entalpía estándar de combustión do  $\text{C}_6\text{H}_6(\text{l})$  sabendo que a entalpía estándar de combustión do  $\text{C}_2\text{H}_2(\text{g})$  é  $-1302 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ .
  - O volume de etino, medido a  $25 \text{ }^\circ\text{C}$  e  $15 \text{ atm}$  ( $1519,5 \text{ kPa}$ ), necesario para obter  $0,25 \text{ dm}^3$  de benceno.
- Datos:  $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$ ; densidade benceno  $950 \text{ g}/\text{dm}^3$

(P.A.U. xuño 13)

**Rta.:** a)  $\Delta H_c^\circ = -3 275 \text{ kJ}/\text{mol}$ ; b)  $V = 14,88 \text{ dm}^3 \text{ C}_2\text{H}_2$ .

### Datos



Volume de benceno líquido

Densidade do benceno líquido

Condiciones gas etino: temperatura  
presión

Constante dos gases ideais

Masa molar do benceno

### Incógnitas

Entalpía de combustión do benceno

Volume de etino necesario para obter  $0,25 \text{ dm}^3$  de benceno

### Outros símbolos

Cantidade de substancia (número de moles)

### Ecuacións

Lei de Hess

Ecuación de estado dos gases ideais

### Cifras significativas: 4

$$\Delta H_1^\circ = -631,0 \text{ kJ}/\text{mol}$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_2\text{H}_2) = -1 302 \text{ kJ}/\text{mol}$$

$$V(\text{C}_6\text{H}_6) = 0,2500 \text{ dm}^3$$

$$\rho(\text{C}_6\text{H}_6) = 950,0 \text{ g}/\text{dm}^3$$

$$T = 25,00 \text{ }^\circ\text{C} = 298,2 \text{ K}$$

$$p = 15,00 \text{ atm} = 1520 \text{ kPa}$$

$$R = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$$

$$M(\text{C}_6\text{H}_6) = 78,11 \text{ g}/\text{mol}$$

$$\Delta H_c^\circ$$

$$V(\text{C}_2\text{H}_2)$$


$$n$$

$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$$


### Solución:

- a) Escríbese a ecuación de combustión do benceno e axústase:






Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño.

A ecuación de combustión do benceno pódese obter por combinación lineal das ecuacións:



Multiplíquese a primeira ecuación por 3, a segunda por  $-1$  e súmase:



- b) Calcúlase a cantidade de benceno que hai en  $950 \text{ g}$ .

$$n(\text{C}_6\text{H}_6) = 0,250 \text{ dm}^3 \text{ C}_6\text{H}_6 \frac{950,0 \text{ g C}_6\text{H}_6}{1 \text{ dm}^3 \text{ C}_6\text{H}_6} \frac{1 \text{ mol C}_6\text{H}_6}{78,11 \text{ g C}_6\text{H}_6} = 3,040 \text{ mol C}_6\text{H}_6$$



Calcúlase a cantidade de etino, a partir da ecuación axustada da reacción:

$$n(\text{C}_2\text{H}_2) = 3,040 \text{ mol C}_6\text{H}_6 \cdot \frac{3 \text{ mol C}_2\text{H}_2}{1 \text{ mol C}_6\text{H}_6} = 9,121 \text{ mol C}_2\text{H}_2$$

Calcúlase o volume que ocupará a 25 °C e 1520 kPa, coa ecuación de estado dos gases ideais, supoñendo comportamento ideal para o  $\text{C}_2\text{H}_2$ :

$$V(\text{C}_2\text{H}_2) = \frac{n \cdot R \cdot T}{p} = \frac{9,121 \text{ mol C}_2\text{H}_2 \cdot 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot 298,2 \text{ K}}{1,520 \cdot 10^6 \text{ Pa}} = 0,014 \text{ m}^3 = 14,9 \text{ dm}^3 \text{ C}_2\text{H}_2$$

8. Para o proceso  $\text{Fe}_2\text{O}_3(\text{s}) + 2 \text{Al}(\text{s}) \rightarrow \text{Al}_2\text{O}_3(\text{s}) + 2 \text{Fe}(\text{s})$ , calcula:
- A entalpía da reacción en condicións estándar e a calor desprendida ao reaccionar 16,0 g de  $\text{Fe}_2\text{O}_3$  coa cantidade suficiente de Al.
  - A masa de óxido de aluminio que se obtén no apartado anterior.
- Datos:  $\Delta H_f^\circ(\text{Al}_2\text{O}_3) = -1662 \text{ kJ} \cdot \text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H_f^\circ(\text{Fe}_2\text{O}_3) = -836 \text{ kJ} \cdot \text{mol}^{-1}$  (P.A.U. set. 12)
- Rta.: a)  $\Delta H^\circ = -826 \text{ kJ}$ ;  $Q = 82,8 \text{ kJ}$ ; b)  $m = 10,2 \text{ g Al}_2\text{O}_3$ .

**Datos**

Masa de óxido de ferro(III)

Masa molar: Óxido de ferro(III)

Óxido de aluminio

**Cifras significativas: 4**

$$\Delta H_f^\circ(\text{Al}_2\text{O}_3) = -1662 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{Fe}_2\text{O}_3) = -836 \text{ kJ/mol}$$

$$m(\text{Fe}_2\text{O}_3) = 16,00 \text{ g}$$

$$M(\text{Fe}_2\text{O}_3) = 159,7 \text{ g/mol}$$

$$M(\text{Al}_2\text{O}_3) = 102,0 \text{ g/mol}$$

**Incógnitas**

Entalpía da reacción

$$\Delta H^\circ$$

Calor desprendida ao reaccionar 16 g de óxido de ferro(III)

$$Q$$

Masa de óxido de aluminio obtida

$$m(\text{Al}_2\text{O}_3)$$

**Outros símbolos**

Cantidade de substancia (número de moles)

$$n$$


**Ecuacións**

Lei de Hess

$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$

**Solución:**

a) Ecuación:



A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.

Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplicase a lei de Hess:

$$\Delta H^\circ = \Delta H_f^\circ(\text{Al}_2\text{O}_3) + 2 \Delta H_f^\circ(\text{Fe}) - (\Delta H_f^\circ(\text{Fe}_2\text{O}_3) + 2 \Delta H_f^\circ(\text{Al}))$$

$$\Delta H^\circ = (1 [\text{mol Al}_2\text{O}_3] (-1662 [\text{kJ/mol Al}_2\text{O}_3]) + 2 [\text{mol Fe}] \cdot 0)$$

$$- (1 [\text{mol Fe}_2\text{O}_3] (-836 [\text{kJ/mol Fe}_2\text{O}_3]) + 2 [\text{mol O}_2] \cdot 0) = -826 \text{ kJ}$$

Calcúlase a calor desprendida ao reaccionar 16,0 g de  $\text{Fe}_2\text{O}_3$ :




$$Q = 16,00 \text{ g Fe}_2\text{O}_3 \cdot \frac{1 \text{ mol Fe}_2\text{O}_3}{159,7 \text{ g Fe}_2\text{O}_3} \cdot \frac{826 \text{ kJ}}{1 \text{ mol Fe}_2\text{O}_3} = 82,8 \text{ kJ}$$

b) Calcúlase a masa de óxido de aluminio que se obtén, a partir da ecuación axustada da reacción:

$$m(\text{Al}_2\text{O}_3) = 16,00 \text{ g Fe}_2\text{O}_3 \cdot \frac{1 \text{ mol Fe}_2\text{O}_3}{159,7 \text{ g Fe}_2\text{O}_3} \cdot \frac{1 \text{ mol Al}_2\text{O}_3}{1 \text{ mol Fe}_2\text{O}_3} \cdot \frac{102,0 \text{ g Al}_2\text{O}_3}{1 \text{ mol Al}_2\text{O}_3} = 10,2 \text{ g Al}_2\text{O}_3$$



9. a) A partir dos datos das entalpías de formación calcula a entalpía estándar de combustión do metano.  
 b) Sabendo que a combustión de 1,0 g de TNT libera 4 600 kJ calcula o volume de metano, medido a 25 °C e 1 atm (101,3 kPa) de presión, que é necesario queimar para producir a mesma enerxía que 1,0 g de TNT.  
 Datos:  $\Delta H_f^\circ(\text{CH}_4(\text{g})) = -75 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2(\text{g})) = -394 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}(\text{g})) = -242 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$   
 $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$  (P.A.U. xuño 12)  
**Rta.:** a)  $\Delta H_c^\circ(\text{CH}_4) = -803 \text{ kJ/mol CH}_4$ ; b)  $V = 140 \text{ dm}^3 \text{ CH}_4$ .

**Datos**

Enerxía desprendida

Gas metano: Temperatura

Presión

Constante dos gases ideais

Masa molar do metano

**Incógnitas**

Calor molar de combustión do metano

Volume de  $\text{CH}_4(\text{g})$  nas condicións dadas que desprende esa enerxía**Outros símbolos**

Cantidade de substancia (número de moles)

**Ecuacións**

Lei de Hess

Ecuación de estado dos gases ideais

**Cifras significativas: 3**

$$\Delta H_f^\circ(\text{CH}_4) = -75,0 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) = -394 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) = -242 \text{ kJ/mol}$$

$$E = 4600 \text{ kJ}$$

$$T = 25 \text{ °C} = 298 \text{ K}$$

$$p = 101,3 \text{ kPa} = 1,013 \cdot 10^5 \text{ Pa}$$

$$R = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$$

$$M(\text{CH}_4) = 16,0 \text{ g/mol}$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{CH}_4)$$

$$V$$


$$n$$

$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$$

**Solución:**

- a) Escríbese a ecuación de combustión do metano e axústase:



Escríbense as ecuacións de formación e axústanse:



A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.

Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplícase a lei de Hess:

$$\Delta H_c^\circ(\text{CH}_4) = \Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) + 2 \Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) - (\Delta H_f^\circ(\text{CH}_4) + 2 \Delta H_f^\circ(\text{O}_2))$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{CH}_4) = (1 [\text{mol CO}_2] (-394 [\text{kJ/mol CO}_2]) + 2 [\text{mol H}_2\text{O}] \cdot (-242 [\text{kJ/mol H}_2\text{O}])) - (1 [\text{mol CH}_4] (-75,0 [\text{kJ/mol CH}_4]) + 2 [\text{mol O}_2] \cdot 0) = -803 \text{ kJ/mol CH}_4$$

- b) Calcúlase a cantidade de metano que habería que queimar para producir 4 600 kJ:




$$n(\text{CH}_4) = 4600 \text{ kJ} \frac{1 \text{ mol CH}_4}{803 \text{ kJ}} = 5,73 \text{ mol CH}_4$$

Calcúlase o volume que ocupará a 25 °C e 101,3 kPa, coa ecuación de estado dos gases ideais, supoñendo comportamento ideal para o metano:

$$V(\text{CH}_4) = \frac{n \cdot R \cdot T}{p} = \frac{5,73 \text{ mol CH}_4 \cdot 8,31 \text{ J} \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot 298 \text{ K}}{1,013 \cdot 10^5 \text{ Pa}} = 0,140 \text{ m}^3 = 140 \text{ dm}^3 \text{ CH}_4$$

10. Dada a seguinte reacción:  $\text{C}(\text{grafito}) + 2 \text{S}(\text{s}) \rightarrow \text{CS}_2(\text{l})$

a) Calcula a entalpía estándar da reacción a partir dos seguintes datos:






b) Calcula a enerxía necesaria, en forma de calor, para a transformación de 5 g de C(grafito) en  $\text{CS}_2(\text{l})$ , en condicións estándar.

(P.A.U. set. 11)

**Rta.:** a)  $\Delta H_f^\circ(\text{CS}_2) = 86 \text{ kJ/mol CS}_2$ ; b)  $Q = 36 \text{ kJ}$ .

### Datos



Masa de grafito

Masa molar do carbono

### Incógnitas

Entalpía estándar de reacción (de formación do  $\text{CS}_2$ )

Calor necesaria para converter 5 g de grafito en  $\text{CS}_2$

### Outros símbolos

Cantidade de substancia (número de moles)

### Ecuacións

Lei de Hess

### Cifras significativas: 4

$$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) = -393,5 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{SO}_2) = -296,1 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H = -1072 \text{ kJ/mol}$$

$$m = 5,00 \text{ g C}$$

$$M(\text{C}) = 12,0 \text{ g/mol}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{CS}_2)$$

$$Q$$




$$n$$

$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$

### Solución:

a) Escríbense as ecuacións e axústanse:

De formación:




$$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) = -393,5 \text{ kJ} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{SO}_2) = -296,1 \text{ kJ} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$\Delta H_f^\circ(\text{CS}_2)$$

De combustión:



$$\Delta H_c^\circ(\text{CS}_2) = -1072 \text{ kJ} \cdot \text{mol}^{-1}$$

A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.

Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplícase a lei de Hess:

$$\Delta H_c^\circ(\text{CS}_2) = \Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) + 2 \Delta H_f^\circ(\text{SO}_2) - (\Delta H_f^\circ(\text{CS}_2) + 3 \Delta H_f^\circ(\text{O}_2))$$

$$-1072 \text{ [kJ]} = (1 \text{ [mol CO}_2\text{]} (-393,5 \text{ [kJ/mol CO}_2\text{]}) - 2 \text{ [mol SO}_2\text{]} (-296,1 \text{ [kJ/mol SO}_2\text{]}))$$

$$- (1 \text{ [mol CS}_2\text{]} \cdot \Delta H_f^\circ(\text{CS}_2) + 3 \text{ [mol O}_2\text{]} \cdot 0)$$

Despéxase a entalpía de formación do sulfuro de carbono:

$$\Delta H_f^\circ(\text{CS}_2) = -393,5 - 592,2 + 1072 = 86 \text{ kJ/mol CS}_2$$

Calcúlase a enerxía necesaria para a transformación de 5 g de grafito:

$$Q = 5,00 \text{ g C} \cdot \frac{1 \text{ mol C}}{12,0 \text{ g C}} \cdot \frac{86 \text{ kJ}}{1 \text{ mol C}} = 36 \text{ kJ}$$

11. Se supoñemos que a gasolina é unha mestura de octanos de fórmula xeral  $\text{C}_8\text{H}_{18}$ :

a) Calcula o volume de aire medido a 25 °C e 1 atm (101,3 kPa) que se necesita para queimar 100 dm<sup>3</sup> de gasolina.

b) Calcula a calor desprendida cando se queiman 100 dm<sup>3</sup> de gasolina.

Datos:  $R = 0,082 \text{ atm}\cdot\text{dm}^3\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} = 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1}$

$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2(\text{g})) = -393,5 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}(\text{l})) = -285,8 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;  $\Delta H_f^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}(\text{l})) = 249,8 \text{ kJ}\cdot\text{mol}^{-1}$ ;

osíxeno no aire = 21 % en volume; densidade do octano =  $800 \text{ g}\cdot\text{dm}^{-3}$

(P.A.U. xuño 10)

**Rta.:** a)  $V = 1,02\cdot 10^3 \text{ m}^3$  aire b)  $Q = 4,18\cdot 10^9 \text{ J}$ .

### Datos

Volume de gasolina

Densidade da gasolina

Aire(gas):      Temperatura

                    Presión

Contido de osíxeno no aire (% V)

Entalpías estándar de formación:

$\text{C}(\text{grafito}) + \text{O}_2(\text{g}) \rightarrow \text{CO}_2(\text{g})$

$\text{H}_2(\text{g}) + \frac{1}{2} \text{O}_2(\text{g}) \rightarrow \text{H}_2\text{O}(\text{g})$

$\text{C}(\text{grafito}) + \text{H}_2(\text{g}) \rightarrow \text{C}_8\text{H}_{18}(\text{l})$

Constante dos gases ideais

Masa molar do octano:

### Incógnitas

Volume de aire necesario

Calor desprendida

### Outros símbolos

Cantidade de substancia (número de moles)

### Ecuacións

De estado dos gases ideais

Lei de Hess

### Cifras significativas: 3

$V = 100 \text{ dm}^3 = 0,100 \text{ m}^3$

$\rho = 800 \text{ g}/\text{dm}^3 = 800 \text{ kg}/\text{m}^3$

$T = 25 \text{ °C} = 298 \text{ K}$

$p = 101,3 \text{ kPa} = 1,013\cdot 10^5 \text{ Pa}$

$r = 21,0 \text{ % en volume}$

### Cifras significativas: 4

$\Delta H_f^\circ(\text{CO}_2(\text{g})) = -393,5 \text{ kJ}/\text{mol}$

$\Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}(\text{l})) = -285,8 \text{ kJ}/\text{mol}$

$\Delta H_f^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}(\text{l})) = 249,8 \text{ kJ}/\text{mol}$

$R = 8,31 \text{ mol}^{-1}\cdot\text{K}^{-1}$

$M(\text{C}_8\text{H}_{18}) = 114,2 \text{ g}/\text{mol}$

$V$

$Q$


$n$

$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$

$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$

### Solución:

a) Escríbese a ecuación de combustión do octano e axústase:



Calcúlase a cantidade de gasolina que hai en 100 dm<sup>3</sup>, empregando o dato da densidade:

$$n(\text{C}_8\text{H}_{18}) = 100 \text{ dm}^3 \text{ gasolina} \frac{1 \text{ m}^3}{10^3 \text{ dm}^3} \frac{800 \text{ kg gasolina}}{1 \text{ m}^3 \text{ gasolina}} \frac{10^3 \text{ g}}{1 \text{ kg}} \frac{1 \text{ mol C}_8\text{H}_{18}}{114,2 \text{ g gasolina}} = 700 \text{ mol C}_8\text{H}_{18}$$

Calcúlase a cantidade de osíxeno que se necesita, a partir da ecuación axustada da reacción:

$$n(\text{O}_2) = 700 \text{ mol C}_8\text{H}_{18} \frac{25/2 \text{ mol O}_2}{1 \text{ mol C}_8\text{H}_{18}} = 8,75 \cdot 10^3 \text{ mol O}_2$$

Calcúlase o volume que ocupará a 25 °C e 101,3 kPa, coa ecuación de estado dos gases ideais, supoñendo comportamento ideal para o osíxeno:

$$V = \frac{n(\text{O}_2) \cdot R \cdot T}{p} = \frac{8,75 \cdot 10^3 \text{ mol O}_2 \cdot 8,31 \text{ J}\cdot\text{K}^{-1}\cdot\text{mol}^{-1} \cdot 298 \text{ K}}{1,013 \cdot 10^5 \text{ Pa}} = 214 \text{ m}^3 \text{ O}_2$$

Calcúlase o volume de aire, empregando o dato de que o aire contén un 21 % en volume de osíxeno:

$$V = 214 \text{ m}^3 \text{ O}_2 \frac{100 \text{ m}^3 \text{ aire}}{21,0 \text{ m}^3 \text{ O}_2} = 1,02 \cdot 10^3 \text{ m}^3 \text{ aire}$$


b) A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.

Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplícase a lei de Hess:

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}) = 8 \Delta H_f^\circ(\text{CO}_2) + 9 \Delta H_f^\circ(\text{H}_2\text{O}) - (\Delta H_f^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}) + 25/2 \Delta H_f^\circ(\text{O}_2))$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_8\text{H}_{18}) = (8 [\text{mol CO}_2] (-393,5 [\text{kJ/mol CO}_2]) + 9 [\text{mol H}_2\text{O}] (-285,8 [\text{kJ/mol H}_2\text{O}])) - (1 [\text{mol C}_8\text{H}_{18}] \cdot 249,8 [\text{kJ/mol C}_8\text{H}_{18}] + 25/2 [\text{mol O}_2] \cdot 0) = -5 970 \text{ kJ}$$

A ecuación termoquímica queda:



Calcúlase a enerxía:

$$Q = 700 [\text{mol C}_8\text{H}_{18}] \cdot 5,97 \cdot 10^3 [\text{kJ/mol C}_8\text{H}_{18}] = 4,18 \cdot 10^6 \text{ kJ} = 4,18 \cdot 10^9 \text{ J} = 4,18 \text{ GJ}$$

12. Na fermentación alcohólica da glicosa obtense etanol e dióxido de carbono. A ecuación química correspondente é:  $\text{C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6(\text{s}) \rightarrow 2 \text{ CO}_2(\text{g}) + 2 \text{ CH}_3\text{-CH}_2\text{OH}(\text{l})$

a) Calcula a  $\Delta H^\circ$  desta reacción.

b) Cantos decímetros cúbicos de dióxido de carbono, medidos a 25 °C e 0,98 atm, poderíanse obter na fermentación de 1 kg de glicosa?



Datos: Entalpías estándar de combustión:  $\text{C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6(\text{s}) = -2 813 \text{ kJ/mol}$ ;

$\text{CH}_3\text{-CH}_2\text{OH}(\text{l}) = -1 371 \text{ kJ/mol}$ ;  $R = 0,082 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$

(P.A.U. set. 09)

**Rta.:** a)  $\Delta H = -71 \text{ kJ/mol}$  b)  $V = 277 \text{ dm}^3$ .

### Datos



Masa de glicosa

Temperatura da reacción

Presión exterior

Constante dos gases ideais

Masa molar:  $\text{C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6$

### Incógnitas

Entalpía de fermentación da glicosa

Volumen de  $\text{CO}_2$  que se podería obter na fermentación

### Outros símbolos

Cantidade de substancia (número de moles)

### Ecuacións

Lei de Hess

Ecuación de estado dos gases ideais

### Cifras significativas: 4

$$\Delta H_c^\circ(\text{C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6) = -2 813 \text{ kJ/mol}$$

$$\Delta H_c^\circ(\text{CH}_3\text{-CH}_2\text{OH}) = -1 371 \text{ kJ/mol}$$

$$m = 1,000 \text{ kg} = 1 000 \text{ g C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6$$

$$t = 25 \text{ °C} = 298 \text{ K}$$

$$p = 0,9800 \text{ atm}$$

$$R = 0,08200 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1}$$

$$M(\text{C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6) = 180,2 \text{ g/mol}$$

$$\Delta H$$

$$V$$

$$n$$



$$\Delta H^\circ = \Delta H^\circ(\text{prod.}) - \Delta H^\circ(\text{react.})$$

$$p \cdot V = n \cdot R \cdot T$$




### Solución:

a) Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño.

A ecuación de fermentación da glicosa pódese obter por combinación lineal das ecuacións de combustión:



Déixase a primeira ecuación como está, multiplícase a segunda por -2 e súmanse:



b) Calcúlase a cantidade de CO<sub>2</sub> producido a partir da ecuación de fermentación axustada:

$$n(\text{CO}_2) = 1\,000 \text{ g C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6 \cdot \frac{1 \text{ mol C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6}{180,2 \text{ g C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6} \cdot \frac{2 \text{ mol CO}_2}{1 \text{ mol C}_6\text{H}_{12}\text{O}_6} = 11,10 \text{ mol CO}_2$$

Calcúlase o volume que ocupará a 25 °C e 0,98 atm, coa ecuación de estado dos gases ideais, supoñendo comportamento ideal para o CO<sub>2</sub>:

$$V(\text{CO}_2) = \frac{n \cdot R \cdot T}{p} = \frac{11,10 \text{ mol CO}_2 \cdot 0,08200 \text{ atm} \cdot \text{dm}^3 \cdot \text{K}^{-1} \cdot \text{mol}^{-1} \cdot 298 \text{ K}}{0,980 \text{ atm}} = 276,8 \text{ dm}^3 \text{ CO}_2$$




13. As entalpías estándar de combustión do C(s) e C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>(l) son -393,5 kJ/mol e -3 301 kJ/mol, respectivamente; e o de formación do H<sub>2</sub>O(l) vale -285,5 kJ/mol. Calcula:

- a) A entalpía estándar de formación do benceno(l)
- b) A calor, expresada en kJ, necesaria para a obtención de 1,0 kg de benceno(l).

(P.A.U. xuño 09)

**Rta.:** a) ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup> = 83,5 kJ/mol b) Q = 1,07 · 10<sup>3</sup> kJ.

**Datos**



Masa de benceno

Masa molar do benceno

**Cifras significativas: 4**

ΔH<sub>c</sub><sup>o</sup>(C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>) = -3 301 kJ/mol

ΔH<sub>c</sub><sup>o</sup>(C) = -393,5 kJ/mol

ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(H<sub>2</sub>O) = -285,5 kJ/mol

m = 1,000 kg = 1 000 g C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>

M(C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>) = 78,1 g/mol

**Incógnitas**

Entalpía de formación do benceno

ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>)

Calor necesaria para obter 1,0 kg de benceno

Q

**Outros símbolos**

Cantidade de substancia (número de moles)

n


**Ecuacións**

Lei de Hess

ΔH<sup>o</sup> = ΔH<sup>o</sup>(prod.) - ΔH<sup>o</sup>(react.)


**Solución:**

a) Escríbese a ecuación de combustión do benceno e axústase:



A ecuación de combustión do carbono sólido (grafito) coincide coa ecuación de formación do CO<sub>2</sub>(g).

Escríbense as ecuacións de formación e axústanse:



A entalpía de formación dos elementos en estado normal é nula, por definición.

Como a entalpía é unha función de estado, é independente do camiño. Aplícase a lei de Hess:

ΔH<sub>c</sub><sup>o</sup>(C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>) = 6 ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(CO<sub>2</sub>) + 3 ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(H<sub>2</sub>O) - (ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>) + 15/2 ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(O<sub>2</sub>))

-3 301 [kJ] = 6 [mol CO<sub>2</sub>] (-393,5 [kJ/mol CO<sub>2</sub>]) + 3 [mol H<sub>2</sub>O] (-285,5 [kJ/mol H<sub>2</sub>O])

- (1 [mol C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>] · ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>) + 15/2 [mol O<sub>2</sub>] · 0)

Despéxase a entalpía de formación do benceno:

ΔH<sub>f</sub><sup>o</sup>(C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>) = -2 361 - 856,5 + 3301 = +83,5 kJ/mol C<sub>6</sub>H<sub>6</sub>

b) Calcúlase a enerxía necesaria para obter 1 000 g de  $C_6H_6$ :

$$Q = 1000 \text{ g } C_6H_6 \frac{1 \text{ mol } C_6H_6}{78,1 \text{ g } C_6H_6} \frac{83,5 \text{ kJ}}{1 \text{ mol } C_6H_6} = 1,07 \cdot 10^3 \text{ kJ} = 1,07 \text{ MJ}$$

14. A entalpía de formación do tolueno gas ( $C_7H_8$ ) é de 49,95 kJ/mol e as entalpías de formación do  $CO_2(g)$  e do  $H_2O(l)$  son, respectivamente,  $-393,14$  e  $-285,56$  kJ/mol.



a) Calcula a entalpía de combustión do tolueno, gas.

b) Cantos kJ despréndense na combustión completa de 23 g de tolueno?

(P.A.U. set. 07)

**Rta.:** a)  $\Delta H_c^\circ = -3944,17$  kJ/mol b)  $Q = -985$  kJ.

### Datos



Masa de tolueno

Masa molar do tolueno

### Incógnitas

Entalpía de combustión do tolueno

Cantos kJ despréndense na combustión completa de 23 g de tolueno

### Outros símbolos

Cantidade de substancia (número de moles)

### Ecuacións

Lei de Hess

### Cifras significativas: 5

